

CIRCULAR 243

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XULLO / AGOSTO 2013

silencio mediático
reflexión

stop deshaucios
democracia real xa

democracia participativa

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación



Marta Rivas Rodríguez

Vogal

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 244 de setembro/outubro de 2013,
e sairá a principios do mes de novembro de 2013.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de outubro.

ÍNDICE

- 3 Información Xeral
- 7 Información das Seccións
- 13 Comisión de Ética e Deontoloxía
- 17 Últimos Colexiados e Colexiadas de Galicia
- 18 Cursos, Xornadas e Congresos

INFORMACIÓN XERAL

Relacións institucionais

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o pasado 2 de xullo unha reunión con representantes da Asociación Galega Contra o Maltrato a Menores (AGAMME) para tratar a atención que reciben por parte das institucións os/as menores vítimas de malos tratos.



M^a Rosa Álvarez Prada

A Vogal da Comisión Coordinadora do GIPCE, M^a Luz Losada Somoza, asistiu o 5 de xullo a unha reunión convocada pola Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia con motivo da elaboración do Plan de Emerxencias Exterior (PEE) de Pontevedra.

A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantivo unha reunión co Concelleiro Delegado de Área de Seguridade e Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela, Luís García Bello, o pasado 19 de agosto para tratar sobre as Xornadas de Concienciación do COPG que se teñen previsto celebrar en Santiago os sábados 28 de setembro e 5, 19 e 26 de outubro.



Eva Muíño Gómez

En representación do Colexio

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou co relatorio “Estruturas colexiais viables” na Xornada sobre a Lei de Servizos Profesionais celebrada o pasado 19 de xullo en Santiago de Compostela, organizada pola Unión Profesional de Galicia.



Momento das Xornadas

A Vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Isabel M^a Varela Castiñeiras, acudiu o 1 de agosto á sesión constitutiva e á sesión extraordinaria do Consello Galego de Benestar Social da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A Coordinadora da Comisión de Psicoloxía do Deporte, M^a Dolores González Fernández, asistiu á reunión da División de Psicoloxía da Actividade Física e do Deporte do Consejo General de COPs, celebrada o pasado 22 de xuño en Sevilla.

Sinatura do convenio de colaboración coa Universidade de Vigo

O pasado 24 de xullo o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou coa Universidade de Vigo un convenio de colaboración específico para o desenvolvemento científico no marco do programa de doutoramento en Ciencias da Educación e o Comportamento.

O COPG e o Consello Social da USC

A Unión Profesional de Galicia, da que forman parte 40 Colexios Profesionais, no seu Pleno Extraordinario celebrado o pasado 23 de xullo, aprobou por unanimidade a designación da Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, como membro representativo de Unión Profesional do Consello Social da USC en virtude do establecido na Lei do Sistema Universitario de Galicia, no capítulo II, Membros do Consello Social, art. 77, Composición do Consello Social.

Solicitude Certificado Europsy

Infórmase que se amplia o prazo para a presentación de solicitudes de Acreditación **EuroPsy Básico** e **Europsy Especialista en Psicoterapia**, pola **vía de veteranos expertos**, durante dous anos, **ata maio de 2015**.

Comunícase tamén que na última Asemblea Xeral da EFPA acordouse que a partir do 1 de xaneiro de 2014 se incrementarán os importes das taxas pola solicitude destas acreditacións, dun modo importante. Por elo, o Consejo General de COPs fixou un prazo máximo para os colexiados e colexiadas que desexen solicitar estas acreditacións mantendo o importe das taxas actuais (110 € Certificado EuroPsy Básico ou 150 € Certificado EuroPsy Especialista en Psicoterapia) e o período de validez destes certificados é de 7 anos.

Os prazos establecidos pola Comisión Permanente do Consejo General de COPs para a presentación destas solicitudes nos Colexios territoriais son, tanto para o Certificado EuroPsy Básico como para o EuroPsy Especialista en Psicoterapia, **ata o 25 de outubro de 2013 inclusive**.

As persoas interesadas en obter estes certificados a partir do 25 de outubro de 2013, para poder ser valoradas polo Comité Nacional de Acreditación EuroPsy, terán que abonar as novas taxas co seu correspondente incremento.

Podes atopar mais información para solicitar os mencionados certificados no seguinte enlace: <http://www.cop.es/certificado/>



AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Medios de Comunicación

Desde o COPG difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, as seguintes notas de prensa:

- Obradoiro “Elaboración de informes periciais psicolóxicas e a asistencia ás vistas xudiciais”. 27 de xuño de 2013.
- “O Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias está atendendo ás vítimas do accidente de tren de Santiago de Compostela”. 25 de xullo de 2013.

Foi requirida a participación do COPG nos seguintes medios de comunicación:

Os diferentes medios de comunicación, tanto de prensa escrita, radio e televisión, solicitaron numerosas entrevistas ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con motivo do accidente ferroviario ocorrido en Santiago de Compostela o pasado 24 de xullo e no que o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio estivo activado para atender as vítimas e persoas afectadas desde o momento do accidente ata os enterros das vítimas mortais. As entrevistas foron realizadas por Ana Isabel Martínez Arranz, Coordinadora do GIPCE, Carlos García Álvarez, Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica, Miguel Anxo García Álvarez e Rocío García Calvo, ambos membros do GIPCE. Entre os distintos medios atopábanse: TVG, V Televisión, Correo TV, Telelugo, Telecinco, TVE, La Sexta, Radio Galega, Cadena Ser, Radio Obradoiro, Radio Voz, RNE, COPE, Radio Canadiense, Onda Cero, La Voz de Galicia, Faro de Vigo, La Gaceta, El País, Praza Pública, La Vanguardia, EFE Salud, ECO, EFE e Europa Press.

O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido se reproducen os enlaces de acceso ás mesmas:

 **Facebook:** www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com (Grupo: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia)

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

Formación

□ Curso “Autopsia psicolóxica”

No mes de novembro terá lugar en Ferrol o Curso “Autopsia Psicolóxica” impartido por **Blanca Guevar Werlang**, Doutora en Psicología e autora da “Entrevista semi-estruturada para autopsia psicolóxica en casos de suicidio”. Está pendente de confirmar as datas. O curso será coordinado por **Manuel Castro Bouzas**, Tesoureiro da Sección de Psicología Clínica do COPG.

□ Curso “A primeira entrevista en psicoterapia”

Yolanda Castro Casanova, Facultativo Especialista de Área de Psicología Clínica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, será a docente deste curso que se celebrará no primeiro semestre do vindeiro ano e que será coordinado por **Carlos Álvarez García**, Vogal da Sección de Psicología Clínica do COPG.

□ Estamos a ultimar un programa de formación continuada en Neuropsicología Clínica que consistirá en obradoiros monográficos nos que se abordará a administración e corrección de test neuropsicolóxicos fundamentais na práctica clínica, relacionando os datos achegados por estas probas coas teorías máis relevantes na actualidade. O primeiro obradoiro terá lugar no último trimestre do ano nel traballaremos sobre a Escala de Memoria de Wechsler-IV (WMS IV).

□ A Sección xa está a preparar a programación dos cursos do vindeiro ano. Neste momento podemos adiantar que versarán sobre a hipnose, probas proxectivas en poboación infanto-xuvenil, terapia de parella, terapia focalizada nas emocións e na terapia grupal dos trastornos de ansiedade.

Xornadas da Sección

Os vindeiros 15 e 16 de novembro de 2013 a Sección de Psicología Clínica do Colexio Oficial de Psicología de Galicia celebrará no Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro en Ares (A Coruña) as súas XVIII Xornadas que levarán por título

Enlace ao apartado da Sección de Psicología Clínica da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36

“A ausencia: Clínica do rural mariñeiro”. Podedes consultar o programa preliminar das mesas e as bases para a presentación de pósteres e comunicacións no enlace:

http://www.copgalicia.es/PDF/PROGRAMA_PRELIMINAR_XVIII_XORNADAS_DE_PSICOLOXIA_CLINICA_DO_COPG.pdf

Asamblea Extraordinaria da Sección

O 21 de xuño celebramos na sede do Colexio unha Asemblea Extraordinaria de Socios e Socias da Sección de Psicoloxía Clínica na que se aprobou a modificación do Regulamento de Réxime Interior e o cambio de nome da Sección de Psicoloxía Clínica polo de Sección de Psicoloxía e Saúde. Esta modificación regulamentaria, que está pendente da súa ratificación na Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG, pretende a adecuación á realidade derivada dos recentes cambios lexislativos que afecta ao campo da Psicoloxía Sanitaria

Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria

No Boletín Oficial do Estado (BOE) do 14 de xuño publicouse a Orde ECD/1070/2013, do 12 de xuño, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria que habilita para o exercicio da profesión titulada e regulada de Psicólogo/a Xeral Sanitario/a. Podes atopar toda a información en <http://www.boe.es/boe/dias/2013/06/14/pdfs/BOE-A-2013-6412.pdf>



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Formación

A Sección de Psicoloxía Educativa organiza xunto coas Seccións de Psicoloxía Clínica, Intervención Social e Xurídica do COPG a Xornada “Maltrato e abuso sexual infantil”. Terá lugar na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela os días 25 e 26 de outubro baixo a coordinación de M. Asunción Teijeira Bautista, Secretaria da Sección de Psicoloxía Educativa.



Momento das anteriores Xornadas

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=191>

O obxectivo destas xornadas é abordar este complexo tema esde os distintos ámbitos.



Afiliación na División PTORH

A afiliación como membro ordinario da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos segue aberta sen data límite. Invítase aos colexiados e colexiadas do COPG a inscribirse na mesma. Podes tramitar a túa inscrición no enlace www.cop.es/ptorh/.



SECCIÓN DE PSICOLOGÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

A División PTORH

O vindeiro 26 de setembro terá lugar en Madrid unha reunión da Coordinadora da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) para estudar a organización do Congreso de Psicología do Traballo e os Recursos Humanos a celebrar no ano 2015 e articular todo o relativo ás accións formativas nos distintos colexios territoriais sobre a aplicación da Norma ISO-10667.



Reunión da Coordinadora da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (Consejo General de COPs) celebrada en Santiago de Compostela

Proxecto NACCE

É unha plataforma web de formación e asesoramento con distintas forma temática no ámbito das TIC. O proxecto NACCE está dirixido a profesionais e empresas de cara a mellorar a competitividade, innovación e emprendemento.

Máis información: www.nacce.es / www.agestic.org.

A OMS e a Comisión Europea: O benestar no traballo

A OMS marcou liñas de actuación para a planificación e execución sobre a protección e promoción da saúde no entorno laboral. O informe publicado o pasado mes de xuño e de recomendación para os profesionais de PTO, perfila as áreas básicas de actuación: ambiente psicosocial, físico, recursos persoais de saúde e participación da empresa na comunidade. O documento non só describe os riscos a considerar, senón que tamén propón o proceso para poñer en funcionamento programas de saúde ocupacional. Podes atopar máis información en: www.infocop.es/view_article.asp?id=4696&cat=54

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Formación

No primeiro trimestre deste ano deseñouse un enquérito sobre preferencias de formación da Sección de Psicoloxía Xurídica que se puxo a disposición dos Colexiados e Colexiadas telemáticamente. Os resultados desta enquisa tivéronse en conta para o deseño e planificación da formación que ofertará a Sección proximamente.

□ Os días 10 e 11 de maio tivo lugar na sede da UNED en Pontevedra o Curso “Intervención psicolóxica avaliativa, terapéutica e preventiva do/a psicólogo/a forense no ámbito de familia”, impartido por **Mila Arch Marín**, Profesora Asociada de Psicopatoloxía Forense na Universidade de Barcelona.

O Curso pretendeu dar a coñecer os principios teóricos e aplicados a nivel avaliativo, terapéutico e preventivo da intervención do psicólogo como forense no eido da xustiza de familia. A tenor dos resultados da enquisa de valoración, que foron moi positivos, estes obxectivos foron acadados.

□ Impartido por **Mª Del Carmen González Pais**, Experta Psicóloga Forense da nosa comunidade, o 29 de xuño celebrouse na sede do Colexio o Obradoiro “Elaboración de informes periciais e asistencia á vista”.

*Enlace ao apartado da
Sección de Psicoloxía
Xurídica da páxina
web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=219.*

Os principais obxectivos eran:



- a) Coñecer as diferentes fases e metodoloxías a seguir para a elaboración dun informe pericial.
- b) Identificar as principais dificultades na elaboración dun informe pericial e a defensa do mesmo no xuízo oral.
- c) Analizar os erros máis frecuentes na realización de pericias, que levan a denuncias das mesmas ante as comisións deontolóxicas dos colexios oficiais.



Momento do obradoiro

Guía do Psicólogo e Psicóloga Forense

Está en marcha o grupo de traballo para a elaboración dunha guía do psicólogo e psicóloga forense. O obxectivo da mesa e recoller e aclarar os conceptos básicos de actuación e procedemento, así como os aspectos deontolóxicos que se deben ter en conta na práctica profesional forense. Está previsto que se dispoña desta publicación no último trimestre deste ano e reparíranse entre os colexiados e colexiadas que o soliciten.



CIRCULAR

INFORMATIVA

Contido:

Editorial

Información Seccións

Información Comisións

Información Grupos

Comisión Ética e Deontolóxico

Actividades culturais

Últimos Colexiados/as

Código Deontolóxico

Publicacións-Biblioteca

Avisos

Cursos, Xornadas e Congresos

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

■ Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

■ O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

■ Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m2 na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

O suxeito dun Informe

Un problema ético que frecuentemente soe presentarse ao/a psicólogo/a cando elabora un informe psicolóxico é que precisa facer algunhas referencias ás persoas coas que se relaciona o “suxeito do informe”.


- Exemplo 1: “Juan Pérez, de 31 anos, traballo para o seu pai, que **ten unha vacariza ...**”
- Exemplo 2: “Juan Pérez, de 11 anos, está sendo criado polos seus avós, xa que **os seus pais tiveron que emigrar por razóns económicas**”.

Nestes exemplos fanse afirmacións –as negriñas– sobre persoas as que non se coñece e das que non se obtivo permiso para ofrecer datos da súa vida. É posible que ao pai de Juan Pérez non lle importe que nun informe se diga –exemplo 1– que vive dunha vacariza e –exemplo 2– que ten problemas económicos ou que emigrou. Aínda así, o artigo 40¹ do Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a regula o segredo profesional do que só pode ser eximido polo consentimento expreso do/a cliente. É certo que o/a cliente é o propio Juan Pérez e non seu pai... ¿pero non é necesario, igualmente, gardar a intimidade destas persoas coas que non se tivo máis contacto que a través dun familiar?

Por outra lado, pódese supoñer que o pai de Juan Pérez viva dunha vacariza –exemplo 1– ou teña problemas económicos –exemplo 2–, é un dato relevante que axuda á comprensión do comportamento do propio suxeito do informe. O/A psicólogo/a vese ante o dilema entre omitir unha información significativa ou desvelar unha información sen a autorización da persoa implicada.

- Exemplo 3: “Juan Pérez, de 41 anos, estase plantexando separarse da súa muller porque **é unha irresponsable e está dilapidando o patrimonio familiar**, cousa que evidentemente **prexudica aos seus fillos**”.

¹ Artigo 40: “*Toda a información que o/a Psicólogo/a recolle no exercicio da súa profesión, sexa en manifestacións verbais expresas dos seus clientes, sexa en datos psicotécnicos ou noutras observacións profesionais practicadas, esta suxeita a un deber e a un dereito de segredo profesional, do que só podería ser eximido polo consentimento expreso do cliente. O/a Psicólogo/a velará porque os seus eventuais colaboradores se atengan a este segredo profesional*”.



Nestes terceiro exemplo, vese o dilema con maior crueza porque a información é, por un lado, máis pertinente para a comprensión do comportamento de Juan Pérez e, por outro, máis invasora da intimidade da súa esposa á que o profesional só coñece polas referencias do seu cliente.

Hai bastante acordo respecto a que nun informe psicolóxico non se poden facer xuízos sobre alguén que non foi, nin sequera entrevistado. O asunto é qué artigo ou artigos do Código Deontolóxico están implicados.

Poderían estar implicados o artigo 6², 42³ e 48⁴

O artigo 6º por falta de responsabilidade e fundamentación. Facer afirmacións sobre un terceiro ao que non se coñece carece de fundamento e é, probablemente, irresponsable. Isto é máis certo cando máis se achegue a afirmación ao campo propio da psicoloxía. Nos exemplos 1 e 2 non parece que sexa necesaria demasiada fundamentación científica; pero no exemplo 3, para afirmar que un determinado comportamento dun pai ou dunha nai e prexudicial para o seu fillo, si se require dita fundamentación.

O artigo 42º porque se pode considerar que cando se fala reiteradamente dunha persoa nun informe psicolóxico se lle fai “suxeito do informe” —aínda que o suxeito avaliado sexa un fa-

² Artigo 6: “A profesión de Psicólogo/a réxese por principios comúns a toda deontoloxía profesional: respecto pola persoa, protección dos dereitos humanos, sentido de responsabilidade, honestidade, sinceridade para cos clientes, prudencia na aplicación de instrumentos e técnicas, competencia profesional, solidez da fundamentación obxectiva e científica das súas intervencións profesionais”.

³ Artigo 42: “Cando a dita avaliación ou intervención a solicitou outra persoa —xuíces, profesionais do ensino, pais, empregadores, ou calquera outro solicitante diferente do suxeito avaliado—, este último ou os seus pais ou titores terán dereito a ser informados do feito da avaliación ou intervención e do destinatario do informe psicolóxico conseguinte. O suxeito dun informe psicolóxico ten dereito a coñecer o contido do mesmo, sempre que disto non se derive un grave prexuízo para o suxeito ou para o/a psicólogo/a, e aínda que a solicitude da súa realización a fixesen outras persoas”.


⁴ Artigo 48: “Os informes psicolóxicos haberán de ser claros, precisos, rigorosos e intelixibles para o seu destinatario. Deberán expresar o seu alcance e limitación, o grao de certeza que sobre os seus varios contidos teña o informante, o seu carácter actual ou temporal, as técnicas utilizadas para a súa elaboración, facendo constar en todo caso os datos do profesional que o emite”.



miliar– precisamente porque se está informando sobre aspectos que concirnen á vida privada da persoa, con independencia de que o contido do que se informa sexa unha característica psicolóxica, física ou circunstancial. Na Circular Informativa Nº 240 expónse o concepto de **“autonomía informativa”**: O poder da persoa “para dispor e controlar a súa información de carácter persoa, quer íntima ou privada, quer pública, de xeito que poda decidir por si mesma cando e en que condicións procede revelar datos ou situacións referidos á súa propia vida e saúde”.

Por último, o artigo 48º porque recoller información unicamente a través de terceiras persoas pode considerarse unha práctica carente de rigor que pide este artigo. Dar crédito ou tomar por certas as afirmacións de persoas que están emocionalmente implicadas e interesadas nunha situación, sen contrastalas cos puntos de vista diverxentes doutras persoas igualmente implicadas, contribúen a que o psicólogo se forme nun xuízo nesgado que adoece de pouco rigor.

En definitiva, está bastante claro que referirse nun informe psicolóxico a terceiras persoas non avaliadas é unha mala praxe profesional; e é bastante discutible cal ou cales dos artigos do actual Código Deontolóxico se ven afectados por esta circunstancia. No que o consenso é tamén amplo é en que non todas as peticións de informe son aceptables desde unha perspectiva ética e os/as psicólogos/as non teñen que aceptar necesariamente calquera petición que lles sexa formulada polos seus clientes.



ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



**ÚLTIMOS
COLEXIADOS
E COLEXIADAS
DE GALICIA**

G-4586	Bua González Rocío
G-4810	Lorenzo Collazo Lidia
G-4811	Movilla Martínez Sandra
G-4812	Fontán Pérez-Rial Mª José
G-4813	Romero Souto David
G-4814	Vázquez Rodríguez Belén
G-4815	Romero Rouco Rocío
G-4816	Lenzos Batalla Alicia
G-4817	Rivas Corea Guissela
G-4818	Novo Pérez María De La Junquera
G-4819	Novo Vázquez María De Las Mercedes
G-4820	Vigo Gallego Noemí
G-4821	Lagarón Criado Marina
G-4822	Fernández Fernández Ana
G-4823	López Ocaña Aurora
G-4824	Fernández González Eva María
G-4825	Madrazo Justo Aránzazu
G-4826	Chacón Piñeyro Carmen Rocío
G-4827	Vázquez González Marta María
G-4828	Zas Latas Inés
G-4829	Balsa Díaz Fátima
G-4830	Camino Cogolludo Rosa
G-4831	Seoane Castro Yolanda
G-4832	Lamas Pereiro Rocío
G-4833	Blanco Romero Lorena
G-4834	Mera Martínez Alicia
G-4835	Martín De Segovia Purificación
G-4836	Vilanova Martínez Sabela
G-4837	Romeu García Elena
G-4838	Jaca Equiza Garbiñe
G-4839	Veiga Lema Aurora
G-4840	Hernández Rodríguez María Joaquina
G-4841	Solla Piñeiro María
G-4842	Barrero Díaz María Victoria

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos.

Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

XVIII XORNADAS DE PSICOLOXÍA CLÍNICA DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA “CLÍNICA NO RURAL MARÍÑEIRO: A AUSENCIA”

Datas: 15 e 16 de novembro de 2013.

Lugar: Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro. Ares (A Coruña)

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.

PUBLICIDADE

 HOMOLOGADO POLA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES DE TERAPIA FAMILIAR EFTA, MEMBERSHIP	PSICOESTUDIO Telf: 986 295 621 Aptdo. de Correos 1621 Vigo www.formacioncambio.com psicoestudio@psicoestudio.com karmapsicologia@mundo-r.com	KARMA Telf: 986 471 439 Grupos reducidos Seminarios con especialistas Prácticas in vivo supervisadas Horarios e contidos adaptados a/a alumno/a ou profesional interesado/a	equipo de formación e supervisión: José Manuel González Alonso Celia Cameselle Taboada José Antonio Muñiz Torrado Manuel Lopo Lago
	colaboradores asociados:		
	Emilio Gutiérrez García (Unidade Venres Clínico Universidade Santiago de Compostela) José Luis Rodríguez-Arias Palomo (Complejo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)		

ESTATUTOS PARA NÓS

DOS DEREITOS E DEBERES
DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

FUNCIÓNS E FINS

DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

DO VALEDOR DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DO CONSELLO SOCIAL

OBRIGATORIEDADE DE
COLEXIACIÓN E DE INSCRICIÓN
NO REXISTRO DE SOCIEDADES
PROFESIONAIS

EXERCICIO PROFESIONAL

AS SECCIÓN

DA PARTICIPACIÓN DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DA COMISIÓN DE
ÉTICA E DEONTOLOXÍA

DO RÉXIME ECONÓMICO E
ADMINISTRATIVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO
E DE DISTINCIÓNS



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9.00 a 14.00 h
e de 16.00 a 21.00 h, e os venres
de 9.00 a 14.00 h

Verán

Do 1 de xuño ao 15 de xullo

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h,
martes de 17.00 a 21.00 h

Do 16 de xullo ao 31 de agosto

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Do 1 ao 30 de setembro

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h,
martes de 17.00 a 21.00 h

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos